

PRESENTACIÓN

¿UNHA IGREXA GALEGA?

O presente número ofrece diversas variacións sobre un tema común: a Igrexa galega.

Unha mesa redonda tenciona a presentar a situación actual, nunha perspectiva panorámica. Só á luz do desenvolvemento histórico poderemos explicar alguns feitos actuais da nosa Igrexa; os artigos de Barreiro Fernández e de Francisco Carballo publicados no pasado número abordaban a evolución histórica da Igrexa galega nos decenios que precederon á última guerra civil; o mesmo Carballo prosegue agora aquela análise, focando os últimos cuarenta anos. Xoán Xosé Cebrián estuda de maneira particularizada un aspecto concreto desa historia recente: os movementos apostólicos. Carlos García Cortés diseña a situación das «outras Igrexas galegas», as non-católicas, que teñen tamén unha presenza no país. O anunciado artigo de Xosé-Martiño Montero sobre a literatura relixiosa en galego, tivo que quedar fora por motivos de espazo; sairá nun dos próximos números.

As seccións habituais, atentas ao vivir mais cambiante, completan o número.